



No bico un cantar

Nenos e nenas cantan a
Curros

2014

Celanova
6 de xuño de 2014
17:30 horas

PRESENTACIÓN

*Do mar pola orela
mireina pasar
na frente unha estrela,
no bico un cantar.*

O poema de Manuel Curros Enríquez dedicado a Rosalía de Castro que abre esta edición do concerto *No bico un cantar* serve para ceder o testemuño do facho luminoso da poeta padronesa á lira doce e a un tempo aceda do bardo celanovés. A igrexa compostelá de San Domingos de Bonaval acolleu na pasada edición de 2013 catrocentas nenas e nenos que, a iniciativa do Consello da Cultura Galega e da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia, uniron as súas voces para cantar a Rosalía de Castro.

Nesta ocasión, dirixidos unha vez máis pola batuta de Maximino Zumalave e acompañados polos metais de Hércules Brass, máis de catrocentos nenos procedentes dos conservatorios profesionais da Coruña, Ferrol, Lugo, Ourense, Pontevedra, Santiago de Compostela e Vigo, así como do coro CPI Tomás de Lemos, os Nenos Cantores da Capela Madrigalista e o Orfeón Unión Ourenzana renderanlle unha homenaxe musical a Manuel Curros Enríquez na súa terra natal. É Celanova terra de poetas que viu abrir os ollos a grandes persoas das nosas letras como Curros Enríquez, Xosé Luís Méndez Ferrín ou Celso Emilio Ferreiro. Este último, biógrafo de Curros, escribiu sobre a súa infancia: «En Celanova había un neno triste cun fondo río de orfandá no peito». Rapazas e rapaces de toda Galicia veñen a Celanova para cantarlle ao neno Curros e así encher coas súas voces ese río de soidade e tristura que acompañou os primeiros anos.

A súa vida tivo que afrontar duras dificultades que nunca amansaron a forza da súa pluma. Poeta social, poeta cívico, poeta satírico, poeta

costumista, poeta elixíaco, pero sempre poeta sen lingua trabada, Manuel Curros Enríquez legounos fermosos poemas para evocar a lenda da Virxe do Cristal, para denunciar as inxustizas sociais, para festexar a nosa tradición, para achegarnos á intimidade do amor familiar, para criticar acedamente os privilexios dos poderosos.

Boa mostra disto é o programa musical desta tarde, composto polos poemas «A Rosalía», «Cántiga», «Melodía gallega» e «Nouturnio», que foron musicados e adaptados por Xosé Baldomir, Xoán Montes, Xosé Castro *Chané* e Xabier Comesanha. Porén, talvez o seu máis importante herdo sexa a rebeldía e a vontade de defender en liberdade aquelas ideas e valores nos que cría sen calar por medo ás posibles consecuencias. Esta valentía fíxoo ser obxecto de críticas e castigos pero tamén foi recoñecida pola cidadanía, que, en 1904, lle organizou unha homenaxe cívica na Coruña na que lle outorgou a coroa de prata e ouro. Así agradecía entón Curros a xenerosidade do pobo coruñés: «Un poeta a quen un día/ hastra ese nome negaron,/ porque arrolar nunca soupo/ o sono vil dos tiranos;/ porque despertaba ós pobos/ cos seus alegres recramos/ i agoiraba auroras novas/ que xa están alborexando».

Estas catrocentas nenas e nenos que hoxe cantan e teñen na fronte unha estrela e no bico un cantar son, sen dúbida, esas auroras novas que agoiraba o poeta e que xa están alborexando.

O AUTOR

Manuel Curros Enríquez é o autor dos poemas do programa. Todos eles viron a luz no poemario *Aires da miña terra*, publicado por primeira vez en Ourense en 1880, agás o titulado «A Rosalía», escrito logo da morte da poeta padronesa en 1885.

OS COMPOSITORES

As obras musicais «A Rosalía», «Unha noite na eira do trigo» e «Os teus ollos» foron compostas para voz e piano por Xosé Baldomir, Xoán Montes e Xosé Castro *Chané*. Juan Durán realizou os arranxos musicais para coro de nenos e sexteto de metais de todas elas. Xabier Comesanha creou por encargo a composición «Nouturnio». Esta é a súa estrea absoluta.

A MANTEDORA

María Canosa

O DIRECTOR

Maximino Zumalave Caneda

OS INTÉRPRETES

O quinteto Hércules Brass está formado por Alejandro Vázquez (trompeta), Víctor Manuel Vilariño (trompeta), Javier González (trompa), Esteban Méndez (trombón) e Rodrigo Rodríguez (tuba). Nesta ocasión estarán acompañados por Jordi Ortega (trompa convidado). As nenas e nenos que participan na actividade pertencen aos CMUS Profesionais da Coruña, Ferrol, Lugo, Ourense, Pontevedra, Santiago de Compostela e Vigo e aos coros do CPI Tomás de Lemos, Nenos Cantores da Capela Madrigalista e Orfeón Unión Ourenzana.

ORGANIZAN

Consello da Cultura Galega

Xunta de Galicia. Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria

COLABORAN

Concello de Celanova

Vegalsa-Eroski

PROGRAMA

Xosé Baldomir: *A Rosalía*

Xoán Montes: *Unha noite na eira do trigo*

Xosé Castro *Chané*: *Os teus ollos*

Xabier Comesanha: *Nouturnio*



A ROSALÍA

Do mar pola orela
mireina pasar
na frente unha estrela,
no bico un cantar.

E vina tan sola
na noite sin fin,
¡que inda recei pola probe da tola
eu, que non teño quen rece por min!

A musa dos pobos
que vin pasar eu,
comesta dos lobos,
comesta se veu...

Os ósos son dela
que vades gardar.
¡Ai, dos que levan na frente unha estrela!
¡Ai, dos que levan no bico un cantar!

CORO

A Rosalía

(Versión para coro de nenos e sexteto de metais)
Texto de Manuel Curros Enríquez, música de Xosé Baldomir
 Arranxo de Juan Durán (2014) para o Consello da Cultura Galega

♩ = 48

Do mar po-la.o - re-la mi-rei-na pa - sar, na fren-te.un ha.es -

13 rit.....

tre-la, no bi-co.un can - tar. É vi-na tan so-la na noi-te sen fin, na noi-te sen

18 a tempo

fin, ¡Qu'in da re - cei po-la pro-be da to-la eu, que non te-ño quen re-ce por min!.

23 8

eu, que non te-ño quen re-ce por min!.

35 rit.....

A mu-sa dos po-bos que vin pa-sar eu, co-mes-ta dos lo-bos, co-mes-ta mo -

39 a tempo

reu! Os o-sos son de-la, que va-des gar - dar. ¡Ai dos que le-van na fren-te.un ha.es -

43

tre-la! ¡Ai dos que le van no bi.co.un can - tar! ¡Ai dos que le van na fren.te.un.ha.es

49 rit.....

tre-la! ¡Ai dos que le-van no bi-co.un can - tar!



CÁNTIGA

No xardín unha noite sentada
ó refrexo do branco luar,
unha nena choraba sin trégoas
os desdés dun ingrato galán.
I a coitada entre queixas decía:
«Xa no mundo non teño ninguén;
vou morrer e non ven os meus ollos
os olliños do meu doce ben».

Os meus ecos de malenconía
camiñaban nas alas do vento,
i o lamento
repetía:
«¡Vou morrer e non vén o meu ben!»

Lonxe dela, de pé sobre a popa
dun aleve negreiro vapor,
emigrado, camiño de América,
vai o probe, infelís amator.

I ó mirar as xentís anduriñas
cara á terra que deixa cruzar:
«Quen pudiera dar volta –pensaba–
quen pudiera convosco voar!...»

Mais as aves i o buque fuxían
sin ouír seus amargos lamentos;
sólo os ventos
repetían:
«¡Quen pudiera convosco voar!»

Noites craras, de aromas e lúa,
desde entón ¡que tristeza en vós hai
prós que viron chorar unha nena,
prós que viron un barco marchar!...

Dun amor celestial, verdadeiro,
Quedou sólo, de bágoas a proba,
unha cova
nun outeiro
i on cadavre no fondo do mar.

CORO

Unha noite n'a eira d'o trigo

(Versión para coro de nenos e sexteto de metais)
 Texto de Manuel Curros Enríquez, música de Xoán Montes
 Arranxo de Juan Durán (2014) para o Consello da Cultura Galega

$\text{♩} = 120$

Un ha noi-te na ei-ra do tri-go ó re - fre-xo do bran-co lu -

9 rit..... a tempo rit.....

ar, un-ha ne-na cho-ra-ba coi - ta-da os des - dés dun in-gra-to ga - lán. A - fri -

14 a tempo

xi-da.en-tre quei-xas de - cí - a: "Xa no mun-do non te - ño nin - guén, "Vou mo -

18

rrer si non ven os meus o - llos os o - lli ños do meu do-ce ben." Os seus e-cos de ma len co-

23

ní - a ca-mi - ña-ban nas a-las do ven - to, i.o la - men - to re-pe - ti - a: "¡Vou mo-

28 rit.....

rrer é non te-ño nin - guén!" non te - ño nin - guén!" Lon xe de-la, de pé so-bre.a

34 rit..... a tempo

po-pa dun a - le-ve ne grei ro va - por, e-mi - gra-do, ca-mi-ño de.A - mé-ri-ca vai o

39 *rit.....* *a tempo*

pro be.in-fe-lis a-ma - dor. ____ Ló mi - rar as xen-tis an-du - ri - ñas ____ ca-ra.á te-rra que dei-xa cru-

44

zar: ____ "¡Quen pu - de-ra dar vol-ta, pen - sa - ba, ____ quen pu - de-ra con vos co vo - ar!" ____ Mais as

49

a-ves i.o bu-que fu - xí - an ____ sin ou - ir seus a-mar gos la - men - tos; ____ só-lo.os ven - tos ____ re-pe-

54 *rit.....*

tí - an: ____ "¡Quen pu - de-ra con vos-co vo - ar!" con ____ vos - co vo - ar!" ____ Noí tes

60 *a tempo*

cra-ras, de.a-ro-mas e lú - a, ____ des de.en - tón ¡que tris - te-za.en vós hai ____ prós que

64

vi ron cho rar un-ha ne - na, ____ prós que vi-ron un bar-co mar - char! ____ Dun a - mor ce-les tial, ver da-

69

dei - ro, ____ que-dou só-lo de bá-goas a pró - ba, ____ un-ha co - va ____ nun ou - tei - ro ____ i.un ca-

74 *rit.....*

da - vre no fon - do do mar. no ____ fon - do do mar. ____

MELODÍA GALLEGA

I
Ten a serena o canto,
i a serpe o alento;
o lago ten a onda,
Dios ten o inferno.
Ti tes dabondo
co que tes escondido
neses teus ollos.

O trono dos monarcas,
do sabio os trunfos,
a gloria do poeta,
o ouro do mundo:
dera eso todo
por solo unha mirada
deses teus ollos.

Buscan os pitorreises
pra faguer niño,
a herba santa que nace
beira dos ríos.
Eu busco solo
unha mirada meiga
deses teus ollos.

Cando se pon a lúa
tras dos penedos,
choran as estreliñas
todas do ceo.
Tamén eu choro
cando non me alumean
eses teus ollos.

CORO

Os teus ollos

(Versión para coro de nenos e sexteto de metais)

Texto de Manuel Curros Enríquez, música de Xosé Castro González Chané

Arranxo de Juan Durán (2014) para o Consello da Cultura Galega

Andante sostenuto



Ten a se - re - na.o can-to, i.a ser-pe.o.a - len-to; o la-go ten a
Can-do se pon a lú - a tras os pe - ne-dos, cho-ran as es-tre-



on-da, Dios ten o,in - fer - no. Ti tes da - bon - do, tí tes da - bon - do
lí - ñas to - das do ce - o. Ta - mén eu cho - ro Ta - mén eu cho - ro



co que tes es-con - di - do ne-ses teus o - llos. Ti tes da - bon - do,
can-do non me.a-lu - me - an e-eses teus o - llos. Ta - mén eu cho - ro



tí tes da - bon - do co que tes es-con - di - do ne-ses teus o - llos.
Ta - mén eu cho - ro can-do non me.a-lu - me - an e-eses teus o - llos.



NOUTURNIO

Da aldea lexana fumegan as tellas;
detrás dos petoutos vai pódose o sol;
retornan prós eidos coa noite as ovellas
tiscando nas beiras o céspede mol.

Un vello, arrimado nun pau de sanguinho,
o monte atravesa de cara ó piñar.
Vai canso; unha pedra topou no camiño
e nela sentouse pra folgos tomar.

—¡Ai! —dixo—, ¡que triste!
¡que triste eu estou!
I on sapo, que oía,
repuxo: —¡Cro, cro!

¡As ánemas tocan!... Tal noite como esta
queimouseme a casa, morreume a muller;
ardeume a xugada na corte, i a besta,
na terra a semente botouse a perder.

Vendín prós trabucos bacelos e hortas
e vou polo mundo de entón a pedir;
mais cando non topo pechadas as portas
os cans saíenme a elas e fanme fuxir.

—Canta, sapo, canta;
ti i eu ¡somos dous!...—
I o sapo, choroso,
cantaba: —¡Cro, cro!

Soliños estamos entrambos na terra,
mais nela un buraco tialcontras i eu non;
a ti non te morden os ventos da serra,
i a min as entranas i os ósos me ron.

Ti, nado nos montes, nos montes esperas,
decote cantando, teu término ver;
eu, nado entre os homes, dormento entre as feras,
e morte non acho, si quero morrer.

–Xa tocan... Recemos
¡que dicen que hai Dios!...–
El reza, i o sapo
cantaba: –¡Cro, cro!

A noite cerraba, i o raio da lúa
nas lívidas cumes comenza a brilar;
curisco que tolle nos árbores brúa
i escóitase ó lexos o lobo ouvear.

O probe do vello cos anos cangado,
ergueuse da pedra i o pau recadou;
virou para os ceos o puño pechado,
e cara ós touzales rosmando marchou...

Cos ollos seguíndoo
na escura extensión,
o sapo quedouse
cantando: –¡Cro, cro!


NOUTURNIO

Para coro de nenos e sexteto de metais
Texto de Manuel Curros Enríquez, música de X. Comesaña
2014 para o Consello da Cultura Galega

Coro


Allegretto ♩ = 70

A



Daal - de - a - le - xa - na fu - me - gan as te - lla - de - trás dos pe -


7



tou - ros vai pon - do - seo sol Re - tor - nan pros cí - dos coa noi - teas o - ve - llas, tris - can - do nas

11


B



ci - ras o cés - pe - de mol.

19

C



Un ve - llo, a - rri - ma - do nun pau de san - gui - ño, o mori - tea - tra - ve - sa de ca - raó pi -

24



ñar. Vái can - sos; un - ha pe - dra to - pou no ca - mí - ño e ne - la sen - tou - se pra fol - gos to - mar.

30

D


RECITADO:



¡Ail- dixo-, ¡qué triste, qué triste eu estou! Io - sa - po, queoo - i - a, re - pu - xo


36

E



crof ¡As a - ne - mas to - can! tal noi - te co - moes - ta quei - móu - se - mea

43



ca - sa, mo - treu - mea mu - ller; ar - deu - mea - xu - ga - da na cor - te, ía bes - ta, na


47

F



te - rras se - men - te bó - tou - sea per - der. Ven - din os tra - bu - cos ba - ce - los e hor - tas e vou po - lo

51



mun - do deen - tón a pe - dir; mais can - do non to - po pe - chá - da - las por - tas, os

55


G

RECITADO:



Canta, sapo, canta: ¡it i eu somos dóus! cans saín - mea e - las e fan - me fu - xir. Io

61



sa - po, cho - ro - so can - ta - ba: ¡Cro, cro!

67 **H** *mf*
 So - li - fí - os es - ta - mos an - tram - bos na te - rra. — mais ne - laun - bu - ra - co tial - con - tras ieu

71
 non: — a tí non te mor - den os ven - tos da se - rra, — ia mín as en - tra - nas os ó - sos me

75
 rón. Tí, na - do nos mon - tes, nos mon - tes es - pe - ras, — de - co - te can - ian - do, teu tér - me - no

79
 ver; — cu na - doen - treos ho - mes, dor - men - toet - tre fe - ras, — c

RECITADO:

82 **I** *f*
 Xa tocan... Recemos, ¡que dicen que hai Dios!...
 mor - te non ha - cho, si que - ro mó - rrer. El

88 *mf*
 re - za, ió sa - po can - ra - ba ¡Cro, cro! A

93 **J**
 noi - te ce - rra - ba, io ra - ío da lú - a nas li - vi - das cu - mes co - men - zaa bri - lar; cu -

97
 ris - co que to - lle nos aí - bo - res brú - a ies - cói - ta - seó le - xos o lo - bou - be - ar.

101 **K**
 O po - bre do ve - llo, cos a - nos can - ga - do, er - gueu - se da pe - dra io pau - re - cu -

105 *p*
 dou; ví - rou pa - raos ce - os o pu - ño pe - cha - do c ca - raos tou - za - les ros - man - do mar -

109 **L** *mf*
 chou Cos o - llos se - guin - doo nacs - cu - racs - ten -

112 *f*
 sión, o sa - po que - dou - se can - tan - do ¡Cro, cro!

MANUEL CURROS ENRÍQUEZ

Nacido o 15 de setembro de 1851 en Celanova (Ourense), Manuel Curros Enríquez pasa por ser, xunto con Rosalía de Castro e Eduardo Pondal, o gran referente do denominado Rexurdimento da literatura galega de finais do século XIX.

A súa obra *Aires da miña terra* identifícao como un gran poeta civil, capaz de conxugar a denuncia social a favor da clase máis desfavorecida, como demostran os poemas «As Pragas», «Nouturnio» ou «Mirando ao chau», cunha poesía de exaltación dos valores tradicionais da cultura galega, como é o caso de «Unha boda en Einibó», «O gueiteiro» e moi especialmente «A Virxe do Cristal», onde describe de forma maxistral a lenda sobre a aparición da imaxe da pequena virxe desta localidade cuxo santuario está situado na parroquia da Vilanova dos Infantes, lugar de nacemento de Petra Enríquez, a súa nai.

Pero a súa obra transcende máis alá da súa poesía e céntrase durante gran parte da súa vida no xornalismo. Prestixioso redactor de *El País* e a *Gaceta de Madrid*, o seu labor informativo levouno a exercer como correspondente de guerra no País Vasco durante a terceira guerra carlista, da que escribe unha serie titulada «Cartas del Norte», que publicou no diario *El Imparcial*. Despois dun regreso temporal á súa Galicia natal como funcionario de Facenda en Ourense, finalmente viaxa Cuba e aséntase na súa capital, A Habana, onde funda o semanario *La Tierra Gallega*, e chega a traballar tamén en *El Eco de Galicia* así como no *Diario de la Marina*.

O seu concurso desde aquela illa caribeña foi fundamental para, en colaboración con Manuel Murguía e outros intelectuais galegos dun lado e outro do Atlántico, promover a constitución da actual Real Academia Galega a través da Asociación Iniciadora y Protectora de la Academia Gallega, da que foi elixido presidente-fundador.

Perseguido pola Igrexa e condenado pola xustiza —a dous anos e catro meses de cárcere en Ourense, posteriormente absolto na Audiencia Territorial da Coruña— a raíz da publicación de varios poemas de *Aires da miña terra*, a súa capacidade de conexión coa sociedade que representaba na súa obra poética seriálle recoñecida nun acto de coroación como gran poeta civil de Galicia, no que participaron os principios personaxes do mundo cultural e literario da Galicia daquel momento e que tivo lugar na cidade da Coruña no mes de outubro de 1904, con motivo da última viaxe que fixo desde A Habana. Tras o seu falecemento, ocorrido na capital cubana o 7 de marzo de 1908, a cidade herculina, que tan ben o acollera en vida e á que recordou e homenaxeou en máis dunha composición poética, fíxose cargo finalmente dos seus restos, que permanecen enterrados no cemiterio de Santo Amaro daquela cidade.

Ademais dunha inxente obra xornalista que aínda está por recompilar, a obra literaria de Curros Enríquez céntrase fundamentalmente nos seguintes títulos: *Aires da miña terra* (1880), *O Divino Sainete* (1888), *El maestro de Santiago* (1892), e *Eduardo Chao. Estudio biográfico-político* (1893).

Fonte: Fundación Curros Enríquez

XOSÉ BALDOMIR RODRÍGUEZ

Nado na Coruña en 1867, este músico e compositor foi discípulo do mestre Marcial Torres del Adalid e coñecido principalmente polas súas producións para canto e piano sobre textos de poetas galegos. Exerceu como director dos orfeóns O Eco e O Brigantino, da orquestra Sociedad Bretón de los Herreros, dos coros e orquestra das Hijas de María e durante máis de trinta anos desempeñou a clase especial de conxunto e masas corais da Escola de Belas Artes da Coruña. En 1906, iniciou unha longa xira por numerosas cidades de España, Portugal e Francia, o que contribuíu á difusión dos máis insignes poetas galegos. Foi nomeado académico de número da Academia Provincial de Belas Artes (1905), académico correspondente da Real Academia de Belas Artes de San Fernando (1922) e numerario da Real Academia Galega en 1941, onde ocupou a vacante do crítico de arte e notable folclorista lugués Indalecio Varela Lenzano. Entre as súas composicións salienta a ópera *A Virxe do Cristal*, sobre o texto –adaptado por Cabanillas– da lenda de Curros Enríquez; a zarzuela *Santos e meigas*, con libreto de Linares Rivas, que alcanzou no teatro madrileño da Zarzuela 137 representacións consecutivas; e máis de 40 melodías que adoitan interpretarse tanto na versión de voz e piano coma na coral sobre poemas de autores senlleiros como Rosalía de Castro, Eduardo Pondal, Ramón Cabanillas ou Curros Enríquez.

Fonte: *Gran Enciclopedia Galega*

XOÁN MONTES

Compositor, organista e director de banda e orfeóns, naceu en Lugo en 1840. De formación musical autodidacta, estudou no Seminario da cidade dende 1850 a 1863, cando renunciou á carreira sacerdotal para dedicarse de cheo á súa vocación musical. Gran coñecedor da música popular e dos estudos de Inzenga, Antonio Noguera e Eduardo Ocón, colabora como folclorista na recollida de contos populares con Casto Sampedro e Felipe Pedrell, nos seus respectivos *Cancionero musical de Galicia* e *Cancionero musical popular español*. Pianista habitual nos círculos culturais de Lugo, en 1876 reorganiza, por encargo do Concello, a banda municipal e crea en 1879 o Orfeón Lucense, que, xa en 1887, cambia o seu nome polo de Orfeón Gallego. A partir de aí comeza unha carreira brillante de recoñecementos –como compositor e como director do orfeón– e multiplícanse os premios en certames musicais de toda España. Como compositor, cómpre citar, ademais dunha prolífica produción relixiosa, as obras baseadas na música popular e nos poemas de autores galegos, entre as que salientan as *Baladas gallegas* para canto e piano, as seis alfaias máis estimables de Montes.

Fonte: *Gran Enciclopedia Galega*

XOSÉ CASTRO GONZÁLEZ CHANÉ

Xosé Castro, coñecido polo alcume de *Chané*, foi un dos máis importantes músicos galegos. Naceu en Santiago de Compostela o 18 de xaneiro de 1856. Virtuoso da guitarra e da cítara, compositor e catedrático de Belas Artes na Coruña, foi director do Orfeón Coruñés e máis tarde da coral El Eco. Con esta coral obtivo galardóns en Pontevedra (1880), Madrid (1887),

Barcelona (1888) e Santander. Foi premiado tamén en París, onde o grupo que dirixía foi gardado no festival do Teatro Trocadero, en 1889. Malia o seu recoñecido prestixio, a cátedra que rexentaba na Coruña foi suprimida, razón que levou a Chané a emigrar. Deste xeito, chega a Cuba en 1893, cando tiña 37 anos. Na Habana foi profesor de música do Centro Gallego e dirixiu o orfeón Ecos de Galicia, co que acadou grandes éxitos. Na capital cubana Chané tivo unha estreita relación co poeta Curros Enríquez, de quen musicou varios poemas, entre eles o famoso «Unha noite na eira do trigo». Participe en distintas entidades galegas como a Sociedad de Beneficencia de Naturales de Galicia ou a Asociación Iniciadora y Protectora de la Academia Gallega, recibiu o cargo de académico correspondente da Real Academia Galega.

En agosto de 1907, logo de moitos anos de ausencia, regresou á Coruña. A intelectualidade galega –entre eles distintos directivos de orfeóns– obsequiouno cun gran banquete de recoñecemento dos seus méritos artísticos. Chané viviu os seus derradeiros anos na Habana, onde seguiu ata os últimos días a escribir música, e nos seus momentos de lecer executaba os distintos instrumentos de corda. A súa derradeira obra de composición foi *A lúa de Cangas*, estreada polo Orfeón Ecos de Galicia nunha velada en honra ao poeta viveirense Pastor Díaz.

Castro *Chané* morreu na Habana o 27 de xaneiro de 1917. Os seus restos foron trasladados á Coruña, a onde chegaron o 4 de marzo e foron inhumados no cemiterio coruñés.

Fonte: *Álbum da emigración, Consello da Cultura Galega*

XABIER COMESANHA PEREIRA

(Bremenhaven [Alemaña], 1968)

A súa formación musical tivo lugar en distintos conservatorios como o Superior de Vigo, Superior da Coruña, Superior Amigos do País de Santiago de Compostela, Superior de Coimbra, Escola de Altos Estudos do Porto, Conservatorio Profesional «Manuel de Falla» e Escola de Altos Estudos Musicais de Santiago de Compostela.

Durante a súa formación, que comeza da man de D. Xosé Iglesias Ramilo, traballou de forma continuada e participou en cursos de perfeccionamento con distintos mestres como Celso Otero, Pedro Iturralde, Francisco Martínez, Narciso Pillo, Jean Pennings, Daniel Deffayet, José Susi, Jos Wuytack, Miguel Sacristán, Rogelio Groba, Pedro Pinfano, The Rascher Quartet, Antón García Abril, Maximino Zumalave, Douglas Bostock, Georgui Fedorenko ou The Ámsterdam Quartet.

No terreo profesional destacan obras para distintos xéneros musicais tales como: *Suite Galaica, Fantasía, Nocturno, Cen anos hai, El Herido, Tembra un neno no pórtico húmido, Plenilunio*, etc.

Recibiu o Premio San Martiño no ano 1998 polo seu labor no campo da normalización lingüística e o Premio Avelina Valladares no ano 2004 en recoñecemento ao seu traballo en prol da cultura galega. No ano 2008 concedéronlle o Salmón de Ouro, máxima distinción que outorga o Concello estradense.

MAXIMINO ZUMALAVE

Director e pianista compostelán, formouse musicalmente en Santiago, Madrid, Viena e Stuttgart. Foi discípulo de Ángel Brage, Rosa Sabater, Guillermo González, John Elliot Gardiner e Helmuth Rilling. Fundador e director do Coro Universitario de Santiago e do Collegium Compostellanum, principal director invitado da Orquestra Sinfónica de Galicia (1992-1995) e director asociado da Real Filharmonía de Galicia, formación da que foi fundador. Director asociado da Escola de Altos Estudos Musicais de Galicia e profesor de Sinfonismo nos Cursos Universitarios Internacionais de Música en Compostela. Con Maximino Zumalave actuaron solistas como J. Achúcarro, T. Barto, M. Bayo, E. Bitetti, R. Buchbinder, R. Castromil, A. Ciccolini, J. Colom, V. Gens, V. Georghiu, W. Holzmair, as irmáns Labèque, N. Lahusen, A. de Larrocha, A. León Ara, Ch. Margiono, A. Nafé, M. Orán, A. Rolfe Jonson, G. Sandor, J. Soriano, I. Vermillion e F. P. Zimmermann, entre outros. Frecuente e moi especial é a súa colaboración con Teresa Berganza en diferentes países de Europa.

Dirixiu importantes formacións tanto estranxeiras como españolas, como a Orquestra de Cámara de Stuttgart, The English Chamber Orchestra, Sinfónica de Praga, Orquestra da Ópera Nacional de Sofía, Nacional de Lille, Sinfónica de Odense, Sinfónica de Porto, The Brabants Orchester (Eindhoven), Orkest van het Oosten (Enschede), English Baroque Soloist, Bach Collegium, Nacional de España, Sinfónica de Madrid, Ciudad de Barcelona, Sinfónica de Tenerife ou a Orquesta Ciudad de Granada, entre outras.

Foi invitado a participar en xurados e presidir importantes certames e premios internacionais.

Maximino Zumalave dirixiu estreas absolutas de obras de Bernaola, Castillo, García Abril, Groba, Marco, Mestres Quadreny, Villa Rojo, coidando especialmente as primeiras audicións de novos compositores galegos como Alonso, Balboa, Buíde, Durán, Macías, Paz, Pereiro, Vázquez ou Viaño. O seu compromiso coa cultura de Galicia transcende alén da música: Torrente Ballester envíalle unha obra «lamentando que no pueda ser una sinfonía» e a poetisa Eva Veiga escribe:

*...Maximino,
que coas súas mans do silencio
arrinca
a máis pura poesía,
no espacio fuxidía
no corazón eterna.*

É licenciado en Ciencias Biolóxicas, especialidade de Bioloxía Mariña.

En febreiro de 1995 foi elixido académico de número da Real Academia Galega de Belas Artes Nosa Señora do Rosario e, dende 2010, é membro do Plenario e coordinador da Sección de Música e Artes Escénicas do Consello da Cultura Galega. En xuño de 2008 o Consello da Xunta de Galicia concedeulle a Medalla Castelao.

HÉRCULES BRASS

Hércules Brass somos 5 músicos, utilizamos 4 instrumentos diferentes (trompeta, trompa, trombón e tuba), procedemos de 3 provincias distintas, pensámo-lo todo 2 veces e temos 1 denominador común, adoramos a música! Dende ben pequeniños vivimos rodeados de músicos, a nosa primeira meta foi debutar coa banda de música da nosa localidade e dende aquela temos claro que queriamos dedicarnos á música.

Despois de anos de formación en Galicia e no estranxeiro, na Orquestra Nova da Sinfónica de Galicia, a Escola de Altos Estudos Musicais de Santiago de Compostela e a Joven Orquesta Nacional de España (JONDE), formamos o noso proxecto, Hércules Brass Quinteto de metais. Unha aposta pola boa música, alta calidade a través dun traballo refinado.

Grazas a esta dedicación actuamos en Galicia, Zamora, País Vasco, IX Curso Internacional Semana Musical de Salceda de Caselas, Festival Spanish Brass Alzira 2013, Festival Ticino Musica 2013 (Suíza). E cabe destacar a actuación como solistas coa Orquestra Nova da Sinfónica de Galicia así como unha gravación en Radio Clásica no programa *Música Joven*.

Hoxe temos un colaborador de excepción, Jordi Ortega, grande amigo e mellor músico.

Alejandro Vázquez, trompeta

Víctor Manuel Vilaríño, trompeta

Javier González, trompa

Jordi Ortega*, trompa convidado

Esteban Méndez, trombón

Rodrigo Rodríguez, tuba

MARÍA CANOSA

Nacín en Cee, unha vila pequena e tranquila onde os soños teñen milleiros de recunchos onde gardarse. Estudei Enxeñaría de Camións, Canais e Portos, na Universidade da Coruña, pero a miña mente sempre gardou un lugar privilexiado para as palabras.

Así, dende nova, fun creando unha biblioteca particular, cos libros *Bramido Maino* (Ed. O Castro), *A pedra de seixo* (Sotelo Blanco) ou *Á espreita na penumbra* (Sotelo Blanco).

Na cabeza amoreábanse os animais e a natureza, que tiveron que sacar fóra: *Leo era un león* (Ir Indo), *Matías, un pito de campionato* (Ed. Galaxia), *Entre papoulas* (Everest) e *A tartaruga de Martiño* (Everest).

Botei a voar estes soños, algúns axudados de papaventos: *O papaventos de Laura* (Deputación de Ourense. Premio Pura e Dora Vázquez, 2011). O mar arrola as miñas historias sempre: *Xiana, a nena pirata* (Everest Galicia), *Viaxes de inverno* (Everest Galicia), cheos de aventuras. Ata decidín facer acuario de papel, que puidese viaxar por todo o país, na compañía do Teatro dos Ghazafellos, cun espectáculo sobre o libro *Acuario* (Embora). Por suposto, tampouco esquezo sorrir, como no libro-CD *Papá, que son os sorrisos?* (Ed. Galebook). Na casa temos unha pequeniña que enche as paredes de ledicia, e ela axudou a escribir *Ana xa chegou!* (Everest).

Algunhas das obras recibiron algún premio: Fernández del Riego (1993), Premio Pura e Dora Vázquez (Deputación de Ourense, 2010), XV Premio Avelina Valladares (Concello da Estrada, 2011) e mencións especiais no Premio Arume de Poesía para Nenos (Fundación Neira Vilas, 2009 e 2013). Escribo semanalmente no diario *La Voz de Galicia* desde xullo de 2006 e xogo coas letras no programa *Verbas Van* da TVG.

Pero o premio máis importante é que a vós, os nenos, vos gusten os contos.

***Jordi Ortega.** Comeza os seus estudos musicais na súa vila natal, na Sociedad Unión Musical de Benimodo (Valencia), da man do profesor Juan A. Boronat. Continúa a súa formación musical no Conservatorio Superior de Música «Joaquín Rodrigo» desa mesma Comunidade e, posteriormente, amplía os seus estudos en Alemaña co profesor Eric Terwilliger (trompa solista da Orquestra Sinfónica da Radio de Baviera). É convidado asiduamente a colaborar con diversas orquestras españolas. Desenvolve o seu interese pola música de cámara co cuarteto de Trompas «Filhar-trompia Quartet», do que é membro fundador, co que leva a cabo concertos en diversas cidades españolas e a gravación do disco *All4horn*. Realiza o seu labor pedagóxico como profesor de trompa na Escola de Altos Estudos Musicais de Galicia, ao tempo que ocupa o posto de trompa principal na Real Filharmonía de Galicia.

Organizan

Consello da Cultura Galega
Xunta de Galicia. Consellería de Cultura, Educación
e Ordenación Universitaria

Colaboran

Concello de Celanova
Vegalsa-Eroski

Agradecementos

Conservatorio Profesional da Coruña
Conservatorio Profesional de Ferrol
Conservatorio Profesional de Lugo
Conservatorio Profesional de Ourense
Conservatorio Profesional de Pontevedra
Conservatorio Profesional de Santiago de Compostela
Conservatorio Profesional de Vigo
Coro CPI Tomás de Lemos de Ourense
Nenos Cantores da Capela Madrigalista de Ourense
Orfeón Unión Ourensana
Fundación Curros Enríquez

Gráfica

Imago Mundi

Imprime

Gráficas Brial

Depósito Legal

C 945-2014

galicia

